


>>> **INFORME:**

**DEFICIENCIAS TÉCNICO-AMBIENTAIS E XURÍDICAS E VALIDEZ DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO (MAIO 2008)**

**Revisión de contidos crave, motivación da declaración de inviabilidade de Avaliación Ambiental Estratéxica e riscos para a sustentabilidade.**



**PETICIONARIO:**

Alternativa Veciñal



**EDICIÓN EN GALEGO:**

2.0, febreiro 2009

Este informe pretende extraer información sinxela e de fácil manexo para a comprensión do informe de “Deficiencias técnico-ambientais e xurídicas e validez da aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación (PXOM) Municipal de Vigo (maio 2008)” o cal xurde da iniciativa cidadán promovida pola Asociación Alternativa Veciñal por mor dun complexo e incompleto proceso de redacción e aprobación do novo Plan Xeral de Ordenación para Vigo.

Por iso, en primeiro lugar convén encadrar as razóns polas cales Alternativa Veciñal encarga en maio de 2008 este informe:

Alternativa Veciñal, consciente da importancia que ten para as xeracións futuras a preservación dos valores naturais e tradicionais, a recuperación da biodiversidade e dos elementos de cohesión social, analiza, ao longo dos últimos 6 anos as consecuencias da nova estratexia de planificación territorial levada a cabo desde o Concello de Vigo.

O informe, a fin de alcanzar conclusións nos ámbitos ambiental, social e xurídico, consistentes, rigorosas e obxectivas, respecto da sustentabilidade real do PXOM e a validez da declaración de inviabilidade de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) sobre a que, en marzo de 2008, ditaminou favorablemente a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, desenvolve un traballo metódico desde varias perspectivas.

-Análise desde a perspectiva xurídica dos diferentes aspectos da ordenación planificada e do procedemento de redacción e aprobación do Plan en si mesmo.

-Análise do grao de eficacia dos cambios introducidos no PXOM a partir dun primeiro requirimento da Consellería de Medio Ambiente, para lograr a declaración de inviabilidade.

-Análise da eficacia dos cambios introducidos no PXOM a partir do requirimento de subsanación de defectos emitido pola CPTOPT previo á aprobación definitiva.

-Avaliación da coherencia e viabilidade real dos obxectivos de planificación e de sustentabilidade propostos no PXOM.

Como resultado deste proceso, chégase a unha serie de conclusións xerais e específicas, rigorosamente sustentadas neste informe, que se poden resumir en dous grandes puntos.

- A declaración de inviabilidade da Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) non está xustificada nin reporta ningún beneficio claro para Vigo
- O PXOM, cunha estratexia de desmesurado crecemento urbanístico, e con criterios de protección ambiental e social pouco ou nada definidos, conduce a un “Desenvolvemento insustentable”

Por iso, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo debe someterse a un proceso, preceptivo e imprescindible, de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) e redefinir a súa estratexia global de ordenación e planificación territorial.